



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DACIÓN DE CONTA DO RESULTADO DO EXAME/COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A “DOCUMENTACIÓN”, APERTURA DO SOBRE C DE “OFERTA ECÓNOMICA” E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN NO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PABELLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, INCLUIDA NO PAI 2016.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 9:30 horas do día 27 de xullo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 24 de febreiro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde- Presidente do Concello.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro.

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Paula Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto público, dar conta do resultado do exame/comprobación da documentación presentada polos licitadores no sobre A, a apertura do sobre C de “oferta económica” presentada polos licitadores que optan á contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), das obras ás que se refire o proxecto denominado “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PABELLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS” (Camariñas), incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Excm. Deputación Provincial e adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO RESULTADO DO EXAME/COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A.

En acto público, o sr. Presidente anuncia o número de proposicións presentadas e dá conta do resultado da cualificación da documentación presentada polos licitadores no sobre A indicando as proposicións excluídas e as proposicións admitidas que continúan no procedemento.

3º.- APERTURA DO SOBRE C DE “OFERTA ECÓNOMICA”.

O Sr. Presidente ordena ao Secretario da Mesa a apertura dos sobres C “Oferta Económica”, e que proceda a súa lectura aos efectos de dar cumprimento do art. 22.1 c) do Real Decreto 817/2009, resultando o seguinte:

LICITADOR	PREZO OFRECIDO (SEN IVE)
OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	60.880,00
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	61.746,00
PAVIMENTOS NOIA, OBRAS E CONTRATAS, S.L.	73.265,23
SOLCONOR, S.L.	74.097,19



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

DECORACIONES J. BELLO, S.L.	62.441,96
JARDINERÍA ARCE, S.L.	62.025,68
MANUEL BARCIA GARCÍA	62.100,00
DESMACO, S.L.	69.460,44
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	59.954,00
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	61.209,77
MECANO SPORT, S.L.	67.936,86
ASPROESGA, S.L.	68.920,00
COVISAM NORTE, S.L.	59.980,00
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIM., S.A.	76.959,28
ABACO CR, S.L.	70.767,56
AGORASPORT, S.A.	69.793,39
CETA CONTRATAS, S.L.	60.776,84
CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.	65.772,20
EXCAVACIONES AFREIJO, S.L.	70.517,79
PROSEMA NOROESTE, S.L.	60.885,00
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	75.160,76
SPORT EQUIPALIA, S.L.	65.839,23
GROMA OBRAS, S.L.	61.093,23
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	56.832,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	64.631,59
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.	57.396,47
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	57.927,92
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	62.300,42
SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	83.255,95
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	82.423,29
SYR-AMG, S.L.U.	61.942,35
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	59.444,75
INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	71.545,00

Finalizada a lectura dáse por rematado a parte publica da sesión procedendo á mesa a realización das seguintes actuacións:

4º.- EXAME DE OFERTAS PRESENTADAS E ADOPCION DOS ACORDOS QUE CORRESPONDAN.

Examinada a documentación/proposicións achegadas/presentadas polos licitadores no sobre C, compróbase que a oferta económica presentada polo licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. está sen asinar polo representante legal da empresa; polo que a Mesa de Contratación, tendo en conta as diversas resolucións/informes/sentenzas ditadas polos tribunais de recursos contractuais, pola Xunta Consultiva de Contratación e a xurisprudencia do Tribunal Supremo, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Comunicar mediante teléfono, Fax ou correo electrónico ao licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., os seguintes defectos ou omisións na oferta económica presentada, concedéndolle **un PRAZO DE TRES DÍAS HÁBILES**, a contar dende a recepción da comunicación, para que aporte a documentación que seguidamente se relaciona:

- Presenta a proposición económica sen asinar polo representante legal da empresa.
Debe presentar a proposición económica debidamente asinada polo representante



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

legal da empresa formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II do prego (cláusula 12.3 do prego).

Segundo.- Rematado o prazo concedido ao efecto para emenda de documentación, vólvese a reunir a Mesa de Contratación para continuar coas correspondentes actuacións aos efectos de emitir proposta de adxudicación.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 10:18 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril